

LAUDATIO TERESA DOS CUCOS

Hai meses a Asociación de Escritores en Lingua Galega anunciaba que a nosa veciña de Pontella (Santiso de Vilanova, Malpica de Bergantiños), Teresa Reigía Pose (Teresa dos Cucos), fora galardoada co Premio Mestra da Memoria 2021. Nese momento recibimos a nova con grande alegría e a autora fartouse de recibir parabéns e parabéns.

Ao longo da historia deste galardón, a Costa da Morte tivo protagonismo especial nos mesmos. Foron distinguidos con el a romancelira Dolores Macías Pose (Boneiro, Cabana de Bergantiños), o noso derradeiro acordeonista diatónico Manuel Pazos Redonda (Merexo, Muxía) e o patrón do Gran Sol Serafín Mourelle (Corme, Ponteceso). Nestes últimos alentos de outubro, aquí estamos unha ampla delegación malpicá para acompañar de corazón a nova e nosa premiada e tamén a don Aurelio Ramos, distinguido co Mestre da Memoria.

Sempre nos causou curiosidade o alcume de Teresa dos Cucos. Xa ben sabedes que en Malpica che vos somos moito de alcumar. Temos o noso nome de pía e tamén o do bautismo social. Non só un, senón dous ou tres ou catro. O que se pode dicir por diante e os que só se din por detrás, que de todo hai. Non estaría nada mal recoller toda esta riqueza lingüística popular como mostra de sinal de identidade.

Cando pensabamos neste apelativo da benquerida amiga, a nosa imaxinación viaxaba á casa dunha muller que tería no seu salón moitos reloxos de cuco, quizais traídos da emigración europea, xa que por aquí somos máis de reloxos de parede.

Certo día, con vergoña ou sen ela, non lembramos onde, quizais nalgún velorio, onde xa nos vemos demasiadas veces, preguntámoslle o porqué do seu segundo nome. Non dubidou en respondernos: “Os Cucos é o lugar onde se levantara a casa de meus pais”. Aló vai a nosa teoría lingüística polo chan. Ás veces, non é preciso darlle tanto á cabeciña. Todo é máis sinxelo.

Ou sexa, Os Cucos é un microtopónimo da parroquia de Santiso de Vilanova. Seguramente deba o seu nome á presenza habitual no lugar desa ave, moi pícara por certo, que pon os ovos en niño alleo para que llos choquen e lle críen os fillos.

Que fermosura, a de Teresa, por nacer e vivir nun espazo rural amenizado cada primavera polo longamente esperado canto do cuco!

Mais porén, para os de Malpica, o canto deste paxaro migratorio non casa moi ben cunha das nosas comidas favoritas. Cando se di que os ourizos (de mar, claro) están cucados exprésasenos que non están de moi bo comer, que é mellor tiralos.

Así que á forza, co arrollo do canto dos cucos desde o berce, tiña que ser Teresa Reigía Pose unha gardiá da memoria musical popular das terras de Malpica de Bergantiños. O amplo legado de cantigas e camparsas que conserva na memoria é clara mostra da rica creatividade dun pobo nun tempo definido pola carencia de liberdades e pola abundancia de penurias económicas. Seguro que a riqueza da

literatura popular serviría para seguir erguéndose cada día perante as dificultades que asolagaban os nosos devanceiros.

Nestes últimos trinta anos, debeu pasar de recolleita pola casa de Teresa dos Cucos a totalidade dos folcloristas do país. Sobra citar nomes porque a listaxe sería ampla e ademais coñecida para os que estades aquí. Tras esas visitas e, aos poucos, o legado da nosa autora, foise debullando nos máis diversos escenarios. Desde a televisión até concursos e festivais folclóricos. Desde os rescates en CD de música popular até as máis novas formas de divulgación dixital. Convidámosvos a unha viaxe pola Rede para testemuñar o que aquí afirmamos.

Pero hai unha faceta de Teresa dos Cucos que non lles interesou para nada a eses axentes do eido musical. Quizais porque non lles encaixaba nos espectáculos que despois querían montar nas súas agrupacións folclóricas. Referímonos ao considerable abano de comparsas de Entroido e de Pascua Florida que lembra e aínda canta a nosa poeta.

Ao longo do século XX, a concello de Malpica de Bergantiños foi un territorio fértil na tradición de comparsas. Enténdase por iso grupo de adolescentes, comandados por un director, que crean unhas coplas satíricas dos feitos acontecidos na volta ao longo do ano e saen a cantalas por todas as parroquias dos arredores. Ao xeito dos maios ourensáns e pontevedreses. Galanura na vestimenta, nas melodías e, como non, nos textos. Hai comparsas antolóxicas e coplas inesquecibles. Xa faleceu ben xente que era capaz de as cantar de rabo a fociño. Sorte tamén que aínda temos con nós a Teresa que sabe unha boa presa delas.

Literatura que no momento de ser escenificada nunca foi recollida nin en soporte sonoro nin en imaxe porque eses medios non existían daquela por estes lares. E Teresa dos Cucos consérvaa na súa memoria en versión orixinal grazas a que foi observadora directa na propia infancia dunhas manifestacións moi vivas no seu tempo nas parroquias de Mens, Barizo, Santiso, Buño ou mesmo na vila mariñeira de Malpica. Ben seguro que a continuación a autora nos deleitará co canto dalgunha desas pezas populares sublimes.

Gardamos unha potente imaxe da primeira vez que falamos de comparsas con Teresa dos Cucos. Preguntáramoslle que recordaba daquelas actuacións en directo dos mozos comparseiros. E ela o recordo que conservaba de modo perenne era o fermoso deseño e movemento da batuta do director dirixindo as voces dos coros infantís. Poesía, música e brancas vestimentas de mariños peregrinando polas corredeiras das nosas illadas aldeas.

Hai unha fotografía imposible de Teresa dos Cucos. Como cantadora de coplas, quen non a coñeza, seguro que pensará nela como unha dos centos de pandereteiras históricas da comarca bergantiñá. Unha mostra sublime destas mulleres foron as Vellas Pandereteiras de Mens, internacionalizadas pola Agrupación Folclórica Aturuxo da Coruña. Pois debedes saber que Teresa non toca a pandeireta.

Formou parte durante moitos anos do grupo Raíces Combinadas de Limiñoa (Cores. Ponteceso), fiel representante da tradición oral bergantiñá. A canda ela outra histórica como Matilde Castro García. Pero Teresa só poñía voz. As ferreñas viñan doutras sabias mans. Por certo, hoxe forman parte da comitiva malpicá desprazada até Lugo familiares dun dos históricos bailadores, xa falecido, deste grupo: Manuel Carrillo Pose. Ademais, tampouco quixeron faltar a esta cita familiares de Teresa

Barizo Suárez (Teresa de Feles), a quen Xabier Díaz recolleu o “Pasodobre de Beo”, que comeza cuns versos tan emotivos coma estes:

Anque me vou non me ausento.

Anque me vou non me ausento.

Anque me vou de palabra,
non me vou de pensamento.

Por certo, observando as actuacións en vivo de Raíces Combinadas, percibiamos neles que o tempo quedaba detido e que estabamos contemplando unha escena de música e danza en calquera aldea de noso séculos atrás. Música e baile populares como trazo de identidade ancestral deste vello país.

Xunto con persoas xa falecidas como o narrador oral Eliseo do Couto, tivemos a sorte de contar coa presenza de Teresa dos Cucos na Polafía de Cerqueda, organizada no Entroido de 2011 pola Asociación e Escritores en Lingua Galega no Complexo Aldeola. Alí estaban tamén a compañeira Mercedes Queixas Zas e os amigos Antonio Reigosa e o desaparecido Isidro Novo. Cantounos Teresa con mestría a primeira parte da comparsa Entroido de 1961 legada pola man do escritor popular Manuel Ordóñez (Manuel de Cereán, de Mens, histórico comparseiro aínda vivo nesta aldea malpicá). O vídeo da súa intervención nesta Polafía está colgado na web da AELG, sección Literatura de Tradición Oral, e tamén forma parte dunha unidade didáctica, tamén subida a este espazo de Internet, para traballar a poesía popular nas escolas ou nas agrupacións culturais do país.

Anos despois, a nosa informante continuou a ser gravada en múltiples ocasións como, por exemplo, no programa Alalá da Televisión de Galicia. Recentemente, tamén lle recolleu o antropólogo Rafael Quintía Pereira na Fundación Eduardo Pondal para o seu proxecto Ab Oríxine destacando precisamente o seu papel como preservadora de textos de comparsas.

Imos concluindo esta laudatio. Hoxe, nesta tardiña do venres 29 de outubro, acompañamos a Teresa dos Cucos na cidade de Lugo para que reciba de mans de Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, o Premio Mestra da Memoria 2021. Degustaremos con ledicia a intervención que realizará a continuación a nosa autora. Seguro que nos deleitará cun rico manxar de coplas populares. Pregámosvos que as saboreedes no padal como exquisito mel das mellores colmeas da terra nativa.

Parabéns por este merecido premio, benquerida Teresa. Sempre estaremos en débeda contigo por tan importante legado que depositaches nas nosas mans. Cargamos ao lombo coa responsabilidade de preservalo e transmitilo ás novas xeracións para que a nosa memoria perdure no tempo.

Agradecemos tamén á AELG por este recoñecemento. Honrar tamén honra.

Viva a memoria popular das nosas aldeas!!